


RÍO LANDRO


(Adela Leiro, Mon Daporta)



NACEMENTO E FONTES	Nas vertentes oeste e suroeste da serra do Xistral, a 800 m de altitude. Entre o cumio do Xistral e Coto Balsego.
LONXITUDE	42 km
PERCORRIDO	Localidades: Viveiró, Landrove, Viveiro
DESEMBOCADURA	Ría de Viveiro (Mar Cantábrico)
CONCA SERRAS MÁIS IMPORTANTES	Superficie: 268 km ² . CONCELLOS: Muras, Oourol, Viveiro, Xove e O Valadouro. SUR: Monte Guriscado LESTE: Xistral, Pau da Vella e Montes do Buio OESTE: Serra de Montalén e Padró
AFLUENTES DEREITA	Besteburiz, As Balsadas, Boimente, Loureiro, Fontecova, O Trasposta. Rego de Besteburiz: nace na serra do Xistral e xúntase co Landro en Miñotos. Rego das Balsadas: nace no Pau da Vella e xúntase co Landro en Miñotos. Río Loureiro: nace na Campela e xúntase co Landro nos Chaos (Viveiro).
AFLUENTES ESQUERDA	Xanceda, Grandal, Bravos, Silvarrosa. Río Xestosa ou Xanceda: nace entre as serras do Curiscado e a Gañidoira e xúntase co Landro en Xerdiz. Na primeira parte chámase Xestosa Río de Bravos: nace na Carballosa (O Sixto-Oourol) e xúntase co Landro nas proximidades de Viveiro.
FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS	Na primeira parte do curso vai por un val amplo que logo se encaixa para volver a abrirse no curso baixo no que forma unha ampla chaira fluvial e un pequeno esteiro no fondo da ría de Viveiro. Os afluentes do Landro discorren por vales máis encaixados. Nalgúns hai grandes desniveis con fervezas: -Rego da Xestosa en Muras e Oourol. -Rego das Balsadas. -Rego de Besteburiz en Santa Mariña (Oourol) -“Pozo da Ferida” no río Loureiro (ou río Xudreiro). Salva un resalte granítico de 30 m de altura. Na parroquia de Monte (Xove).
CLIMA	Atlántico
TIPO DE RÉXIME	Pluvial, con augas altas de outono a primavera.
CAUDAL	7,1 m ³ /s
FLORA	Nas beiras dos ríos consérvanse bosques de ribeira con ameneiro (<i>Alnus glutinosa</i>), salgueiro (<i>Salix atrocinerea</i>), sanguíño (<i>Frangula alnus</i>), freixo (<i>Fraxinus excelsior</i>), abeleira (<i>Corylus avellana</i>), pradairo (<i>Acer pseudoplatanus</i>)... Entre as especies protexidas e de especial interese atópanse algúns fentos relitos macaronésicos (<i>Woodwardia radicans</i> , <i>Dryopteris aemula</i>) e os narcisos (<i>Narcissus asturiensis</i> e <i>Narcissus cyclamineus</i>). Nas marismas hai xuncos (<i>Juncus maritimus</i>), <i>Elymus pycnanthus</i> , <i>Agrostis stolonifera</i> , <i>Spartina</i> ... Souto da Retorta de Chavín É unha plantación de eucaliptos (3,2 ha) situada na marxe dereita do río Landro en Chavín. Uns 600 eucaliptos que foron plantados a partir de 1860 como protección contra as avenidas do río. Algúns acadan tamaños espectaculares.

FAUNA	<p>A fauna do río conta con algunhas especies de grande interese.</p> <p>Moluscos: mexillón de río (<i>Margaritifera margaritifera</i>), lesmas, caracois, lapas de río...</p> <p>Insectos: libeliñas, vacaloura (<i>Lucanus cervus</i>)...</p> <p>Peixes: salmón (<i>Salmo salar</i>), troita común (<i>Salmo trutta fario</i>), reo (<i>Salmo trutta trutta</i>), anguía (<i>Anguilla anguilla</i>)...</p> <p>Anfibios: píntega patilonga (<i>Chioglossa lusitanica</i>), píntega común (<i>Salamandra salamandra</i> subsp. <i>Bernardezi</i>), limpafontes ou tritón común (<i>Lissotriton boscai</i>), ra patilonga (<i>Rana iberica</i>)...</p> <p>Aves: picapeixe (<i>Alcedo atthis</i>), merlo rieiro (<i>Cinclus cinclus</i>), lavandeira real (<i>Motacilla cinerea</i>), papuxas (<i>Sylvia spp.</i>), páridos (<i>Parus spp.</i>), ouriolo (<i>Oriolus oriolus</i>), ubalo (<i>Carduelis spinus</i>. no inverno), garza real (<i>Ardea cinerea</i>), lavanco (<i>Anas platyrhynchos</i>, que nidifica na zona), bilurico das rochas (<i>Actitis hypoleucos</i>).</p> <p>Mamíferos: destaca a presenza do desmán ibérico (<i>Galemys pyrenaicus</i>) e lontra (<i>Lutra lutra</i>).</p>
APROVEITAMENTO	<p>Subministro de auga (abastecemento de poboacións, regadío), pesca, enerxía eléctrica, lecer...</p> <p>Minicentraís: Xanceda, As Balsadas, Xerdiz, Ourol e Chavín.</p>
ESPAZOS PROTEXIDOS	<p>LIC "Río Landro": protexe o curso medio e baixo do Landro (ata Os Miñotos) e o seu afluente Bravos.</p> <p>LIC "Serra do Xistral": inclúe pequenos tramos nos cursos altos do Landro, As Balsadas e Besteburiz.</p> <p>LIC "Montemaior": inclúe pequenos tramos nos cursos altos dos regos Loureiro e da Cova.</p> <p>Monumento Natural "Souto da Retorta" (en Chavín)</p>
DATOS HISTÓRICOS	<p>A vida de Viveiro acolle un importante patrimonio histórico artístico: pontes, murallas, igrexas, rúas tradicionais...</p> <p>O río Landro, nas proximidades de Chavín, sempre tivo un aproveitamento enerxético importante, para mover a maquinaria dunha fábrica de coches, varios muíños e, máis tarde, para xerar enerxía eléctrica.</p>
CURIOSIDADES	<p>Nas beiras do Landro, no Naseiro, celébrase unha importante romería polas festas de San Roque.</p>
PROBLEMAS	<p>En xeral é un río bastante limpo. Unha gran parte das súas ribeiras está ocupada por plantacións de eucaliptos. O esteiro está moi alterado polas construcións.</p>

RÍO LANDRO
NACEMENTO: O Xistral



DESEMBOCADURA: Ría de Viveiro (Cantábrico)